

AS FORZAS:

Os obxectos móvense grazas á nosa forza, á forza do vento...

Para mover un obxecto é necesario exercer unha forza. Para deter un obxecto en movemento tamén hai que aplicar unha forza.

DISTINTOS TIPOS DE FORZA:

Cando se exerce forza sobre un obxecto, provócanse cambios nel.


Ademais de mover ou de deter o movemento dun obxecto, ao aplicar unha forza podemos cambiar a súa forma ou facer que rompa. Por exemplo, a plastilina cambia de forma se a esmagamos coa man.



Xeralmente, para facer forza é necesario tocar os obxectos. Por exemplo, nun partido de tenis, para devolver a pelota é necesario golpeala coa raqueta.



Tamén é posible exercer forza a distancia. É o caso dos imáns, que poden provocar que un obxecto de metal se mova sen necesidade de tocalo.



A **gravidade** é unha forza que nos atrae cara á superficie da Terra. Debido á gravidade, calquera obxecto que lanzamos cara arriba termina caendo ao chan. Cando non hai gravidade, os obxectos flotan.



1) Como se move cada embarcación? Escribe o seu nome.



Bote



Lancha



Veleiro

Móvese coa forza do vento.



Móvese coa forza do motor.



Móvese coa forza dos remeiros.



2) Observa e marca en cada caso a opción correcta.



1



2



3

- Que lle ocorre ó balón cando o xogador o golpea co pé?

☐

Comeza a moverse.

☐

Detense.

- Que lle ocorre ao balón cando o porteiro o agarra coas mans?

☐

Comeza a moverse.

☐

Detense.

3) Que forza fai que se mova cada transporte? Marca a correcta.

- Os patíns:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

- Veleiro:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

- Moto:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

- Globo aerostático:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

- Coche:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

- Bicicleta:

☐ A forza do vento. ☐ A forza das persoas. ☐ A forza do motor.

4) Observa e marca en cada caso a resposta correcta.



- Quen tira da carretilla?

☐ Andrés. ☐ Lina. ☐ Pedro.

- Quen empurra a carretilla?

☐ Andrés. ☐ Lina. ☐ Pedro.

5) Que fai cada neno? Une.

Modelar

Empurrar

Deter

Romper



6) Que é a gravidade? Marca a resposta correcta.

- ☐ A forza que atrae os obxectos metálicos e fai que se movan.
- ☐ A forza que nos atrae cara á superficie da Terra.

7) Que ocorre cando non hai gravidade? Marca a resposta correcta.

- ☐ Os obxectos flotan no aire.
- ☐ Os obxectos afástanse da Terra.